

# A VOZ DO CHANO

XORNAL QUINCENAL DO

CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

## EDICIÓN ESPECIAL NADAL

Venres 16 de decembro de 2022

### O Chano Piñeiro no Nadal

Os nenos e nenas do Chano celebran o Nadal con diversas e divertidas actividades.

Autores: Anxo, René, Mai e Zoe.

Os nenos e nenas do Chano decoraron as árbores do Concello de Gondomar con adornos feitos con material de refugallo. Había adornos de todo tipo, feitos con tapóns de leite, cartóns de papel hixiénico, iogures...

Tamén fixeron distintas actividades como o habitual concurso de postais, no que participou todo o alumnado do cole, deixando expostas as postais nos corredores do primeiro andar.

Outra das actividades propostas polo cole, será a visualización de películas de Nadal nas aulas. Esta é unha actividade que se adoita facer cada ano e que máis lle gusta aos nenos e nenas.

Por último, o derradeiro día de cole antes das vacacións de Nadal, é dicir, o xoves 22 de decembro celebraremos o Festival de Nadal, no que cada curso preparará unha actuación para entreter aos compañeiros e celebrar estas datas tan sinaladas. Logo, porase unha alfombra vermella e contaránse as doce badaladas con Lacasitos.





## Un agasallo equivocado



Autores: Mario, Carla, Raquel e Alejo.



Era unha tarde de nadal na vila de Gondomar, na casa dunha nena chamada Sofía que tiña un peluche de Pikachu.

A Sofía gustáballe moito o Nadal porque lle gustaba estar en familia. A nena púxolle un gorro de Nadal a Pikachu, pero a nena non sabía que aquel gorro era máxico porque era do Apalpador.




Cando se fixo de noite, o Pikachu cobrou vida e foi a repartir os agasallos.

Pola mañá, Sofía abriu o seu agasallo e non lle gustou. Cando se fixou, decatouse de que na etiqueta puña "Xoan". Isto non só lle pasou a ela, senón tamén a todos os nenos da vila. Por iso todos os nenos e nenas decidiron deixar todos os agasallos na praza para que cada un puidese coller o que de verdade lle pertencía. Por fin, Sofía atopou o seu agasallo: o xogo de Monopoly que tanto desexaba.



Pikachu, ao velo pola ventá, deuse conta de que fixera un mal traballo, por iso tirou o seu gorro máxico e desfrutou do Nadal.





# Un roubo sacude un colexio de Gondomar

Un roubo inesperado nun colexio do Val Miñor na noiteboa.


Autores: Isaac, Mateo, Aarón e Sara.



Unha persoa disfrazada de Papá Noel rouba os ordenadores portátiles e os exames do alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro. O sábado 24 de decembro dende ás 00:00 horas ata a 01:00 horas da madrugada do 25 de decembro, Daniel Sánchez Romero roubou os portátiles e os exames do alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro. Ás 01:45 horas foi arrestado no aeroporto de Peinador tratando de fuxir. Parárono facendo un control de drogas e alcohol, xa que foi sospeitoso por levar unha maleta extraña. En 5 minutos arrestárono e o ladrón tivo que pagar unha multa de 1 millón de euros polos danos ocasionados no centro.

Ao día seguinte informaron ao colexio a ás 15:00 horas devolvéronlle todos os obxectos roubados.

Dentro de catro días celebrarase un xuízo e tendo en conta os feitos acontecidos, será encarcerado como mínimo durante 4 meses.





# Exquisiteces de Nadal

Recetas para todo o día.

Autores: Leo, Lucía, Carolina e Adrián.



Ao levantarse Panetone con chocolate e churros.




A media mañá un anaco de turrón con améndoas e noces.



Para almorzar, de primeiro langostinos con maionesa e de segundo polo ao forno con patacas. De postre plátanos navideños.



Para cear, bacallao con coliflor e patacas cocidas. De postre unha mousse de turrón Xixona.



## PLÁTANOS NAVIDEÑOS

Ingredientes:

- Fresas.
- Nubes.
- Plátanos.
- Lacasitos vermellos.
- Chispiñas de chocolate.

Preparación:

- Cortar o plátano á metade.
- Introducir un palillo longo polo medio sen que chegue ao final.
- Poñer unha nube pinchada na parte superior, enriba unha fresa.
- Pinchar na metade do plátano un lacasito facendo de nariz e as chispiñas facendo de ollos e boca.



## MOUSSE DE TURRÓN

Ingredientes:

- Media tableta de turrón Xixona.
- Nata para montar.
- Zume dun limón.
- Dúas culleradas de azucre.

Preparación:

- Batir o turrón na batidora ata que quede unha textura moi fina.
- Montar a nata co azucre nun bol amplo.
- Engadir a crema de turrón e o zumo de limón á nata montada.
- Mesturar todo e encher os recipientes para logo consumir a mousse. Se os recipientes son navideños, mellor. Engadimos unhas virutas de chocolate e deixamos repousar na nevera antes de consumir.





## O grinch

Esta animada película navideña, entretén ao público de todas as idades dende hai moitos anos.

Autores: Lía, Carlota, Gael e Xoel.

A película trata dun animal que odia o nadal desde pequeno. Vive nas montañas moi lonxe dunha cidade chamada Villa Quién. Esta é unha cidade moi decorada de nadal.

O grinch pensaba que tiña comida ata xaneiro, pero non. Tivo tantos desgustos que comeu toda a comida. Quedouse sen comida e tivo que ir á cidade. Tiña moita pereza porque estaba a cidade decorada polo nadal pero para non morrer de fame, tivo que ir obrigatoriamente.



Despois duns días coñeceu a unha nena que lle preguntou se lle gustaba estar tan solo en nadal, e o Grinch asustou á nena e saíu correndo. Esa noite (noiteboa) o Grinch foi polas casas a roubar a decoración de nadal. Esa nena que coñecera fixera unha trampa para atrapar a Papá Noel, pero atrapou ao Grinch. Á mañá seguinte, ninguén tiña a decoración de nadal, asustáronse e foron á árbore da praza e cantaron todos xuntos. Ao Grinch doíalle a cabeza porque tiña o corazón tres veces máis pequeno que os demais. Deuse conta de que o nadal era moi fermoso e agrandoulle o corazón. Tivo así un bo nadal.



Autores: Daniel, Laura, Mara, Irene e Anibal.

### SOPA DE LETRAS

Carbon

A	Z	G	N	O	B	R	A	C	B	A	A
I	R	D	A	H	J	Q	K	R	T	X	R
W	X	A	N	G	S	P	Q	W	L	S	B
E	P	O	W	A	T	U	I	R	U	Z	O
C	S	C	Z	U	D	A	B	B	X	C	R
X	T	F	K	N	S	A	L	O	B	L	E
R	B	O	P	S	N	G	L	U	C	E	S
P	Q	A	J	I	H	R	H	A	S	T	U
N	O	R	R	U	T	U	T	W	K	M	W
Z	E	R	S	T	E	V	E	N	C	N	X
X	B	A	D	C	O	M	A	C	I	M	Z
G	U	I	R	N	A	L	D	A	S	S	G
K	W	S	O	Z	N	A	S	T	S	R	N
O	A	G	A	S	A	L	L	O	S	Q	I
P	Q	T	S	Z	U	W	R	X	Z	P	O

AGASALLOS    NADAL    NEVE    BOLAS    GUIRNALDAS  
 TURRÓN      ARBORE    CARBON    LUCES

- 6) Pausa en nuestra actividad para recuperar fuerzas
- 7) Trasládarse de un lado a otro por medio de algún transporte
- 8) Instalarse en un lugar al aire libre para vivir temporalmente en él, alojándose en una carpa o tienda
- 9) Bebida caliente elaborada con cacao.
- 10) Vehículo tirado por perros, caballos o renos con esquís para desplazarse sobre la nieve o el hielo.

### CRUCIGRAMA

- 1) Descanso de la actividad habitual
- 2) Festividad religiosa que se celebra el día 25 de diciembre por el nacimiento de Jesús.
- 3) Se suelen comer 12 en la medianoche del 31 de diciembre al 1 de enero
- 4) Temperatura baja característica del invierno
- 5) Prenda que cubre y protege las manos del frío.

**ATOPA AS DIFERENCIAS**

**LEVA A PAPÁ NOEL ATA O GORRO**

